



ACSUC
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

Estudo da inserción
laboral dos titulados en
Másteres no Sistema
Universitario de Galicia
2010-2011
(EILMásteres1011)

INSERCIÓN LABORAL

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2016

Edita:

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
 CIFP Compostela 5º andar
 15702 Santiago de Compostela
 Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174
 Correo-e: insercion.laboral@acsug.es; acsug@acsug.es
 Páxina web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á ACSUG como editora.



ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está rexistrada no EQAR



ACSUG é membro de ECA



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).

ÍNDICE

1. Introducción	4
1.1. Obxectivos específicos do estudo de inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG no período 2007-2010.....	5
2. Datos técnicos do estudo	6
3. Resultados	7
3.1. Motivacións para realizar o Máster	7
3.2. Situación laboral anterior á realización do Máster	8
3.2.1. Actividade laboral previa á realización do Máster.....	8
3.3. Traxectoria laboral posterior á realización do Máster.....	9
3.3.1. Actividade laboral posterior ao Máster	9
3.3.2. Tempo medio en atopar emprego	9
3.4. Situación laboral actual (no momento de realizar a enquisa)	10
3.4.1. Actividade laboral actual.....	10
3.4.2. Lugar de traballo	10
3.4.3. Relación do posto de traballo co Máster	11
3.5. Valoración final.....	12
ANEXOS	12
Anexo I. Grupo de traballo	12
Anexo II. Cuestionario	14
Anexo III. Distribución dos másteres por rama de coñecemento e universidade	21
Anexo IV. Estudos de inserción laboral da ACSUG.....	25

1. Introducción

No ano 2013, a **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia** (ACSUG) foi pioneira comezando un novo proxecto analizando a situación laboral dos **titulados en másteres** oficiais no **Sistema Universitario de Galicia** (SUG). Dándolle continuidade a este proxecto, a ACSUG publica o segundo informe “**Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011**” (EILMásteres1011).

A actual estrutura dos estudos universitarios: grao, máster e doutoramento, froito do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), reflicte a necesidade de coñecer a situación, tanto desde un punto de vista académico como laboral, dos titulados universitarios en másteres oficiais, complementando a información existente actualmente sobre os titulados en graos. Polo que o obxectivo principal deste informe é proporcionar información sobre os titulados universitarios en másteres no SUG, de xeito que os resultados acadados contribúan á mellora da calidade das ensinanzas universitarias ofertadas aos futuros estudantes.

Nesta publicación, analízanse os resultados obtidos na segunda enquisa realizada aos titulados universitarios en másteres oficiais no SUG entre xuño e xullo de 2014, aproximadamente aos tres anos despois de rematar o máster. Nesta ocasión, acadouse unha mostra de 1.526 titulados en másteres sobre unha poboación de 2.099, o que representa un 72,70% da poboación total de titulados no curso académico 2010-2011.

A información recollida neste informe contempla as seguintes temáticas: valoracións dos titulados en másteres sobre aspectos organizativos e de desenvolvemento do máster, motivación principal para realizar estudos de másteres e valoracións sobre a experiencia laboral nestes últimos anos, antes e despois da realización do máster.

A estrutura da publicación consta de cinco capítulos. Nos dous primeiros realízase a introdución e preséntanse os obxectivos específicos do estudo. Proséguese, no terceiro capítulo, coa contextualización da poboación e indícase a metodoloxía empregada. O capítulo catro constitúe o eixe central do estudo. Nesta epígrafe detállanse os resultados acadados nesta segunda enquisa, comezando coa presentación dun resumo executivo breve dos resultados máis significativos acadados, para continuar coas análises sobre a descrición da poboación, a motivación para a realización do máster e a valoración de distintos aspectos organizativos e de desenvolvemento do programa formativo, a situación laboral anterior á realización do máster, o acceso ao emprego tras a realización do máster, e a situación laboral actual, concluíndo coa valoración final da traxectoria. A continuación, na epígrafe correspondente ao capítulo cinco inclúese unha análise comparativa dos resultados obtidos para os titulados nos cursos académicos 2010-2011 e 2009-2010.

Finalmente, nos anexos do informe pódense consultar a ficha técnica do estudo, o cuestionario, a distribución dos másteres por rama de coñecemento e universidade, a distribución dos másteres por rama de coñecemento correspondentes aos dous últimos estudos e mais as referencias e bibliografía complementaria.

1.1. Obxectivos específicos do estudo de inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG 2010-2011

Coa elaboración deste estudo de inserción laboral preténdese obter información sobre os seguintes ítems.

- A percepción dos titulados en másteres sobre a formación e a universidade:
 - Realización, organización e utilidade das prácticas en empresas nos másteres
 - Consideracións sobre a planificación e organización do máster
 - Titulacións rematadas e motivos para cursar estudos de máster
- Características da situación laboral dos titulados en másteres:
 - Acceso ao emprego
 - Procura de traballo
 - Tempo que se tarda en atopar emprego
 - Grao de uso das distintas vías de procura de emprego e a súa eficiencia
 - Vía propiciatoria do primeiro emprego
 - Número de contratos e empresas
 - Condicións laborais
 - Capacidade do mercado de traballo para absorber os titulados en másteres
 - A importancia dos distintos factores para obter un emprego (variables de maior importancia nos procesos de contratación)
 - Análise das condicións básicas da traxectoria laboral posterior ao máster (tempo empregado, salario medio, relación dos empregos co máster...)
 - As condicións laborais (salario medio, tipo de contrato, lugar de traballo, tipo de empresa...) no traballo actual
 - Competencias, coñecementos e aptitudes necesarias para o desenvolvemento do seu traballo
 - Grao de satisfacción co máster en función da súa traxectoria laboral e o cumprimento das expectativas xeradas nos seus estudos

2. Datos técnicos do estudo

A **poboación** obxecto de estudo está constituída polos titulados en másteres no Sistema Universitario de Galicia correspondentes ao curso académico 2010-2011; en concreto, son titulados que estiveron matriculados no curso académico 2010-2011 e que fixeron o depósito do título ao longo do ano 2011. A enquisa realizouse entre xuño e xullo do 2014, aproximadamente 3 anos despois de remataren os seus estudos de máster, polo que estamos a falar de titulados recentes.

A Táboa 1 e a Táboa 2 recollen o tamaño da poboación e mostra empregada para a realización do estudo desagregada por cada unha das universidades do SUG.

Universidade	Poboación 2010-2011	Mostra 2010-2011
A Coruña	369	250
Santiago de Compostela	764	535
Vigo	966	741
SUG	2.099	1.526

Táboa 2.1. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2010-2011. Tamaño de poboación e mostra por universidade e para o total do SUG.

A poboación e a mostra acadada agrupouse nas seguintes ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura. Para realizar a clasificación dos másteres nas distintas ramas de coñecemento tívose en conta a rama de coñecemento na que figuraba adscrito o título no seu proceso de verificación. No anexo III pódese consultar a distribución dos másteres nas distintas ramas de coñecemento.

Rama de coñecemento	Poboación 2010-2011	Mostra 2010-2011
Artes e Humanidades	196	143
Ciencias	223	154
Ciencias da Saúde	227	167
Ciencias Sociais e Xurídicas	925	669
Enxeñaría e Arquitectura	528	393
SUG	2.099	1.526

Táboa 2.2. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2010-2011. Tamaño de poboación e mostra por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Co obxectivo de garantir a maior representatividade para cada un dos másteres no SUG, realizouse un **estudo exhaustivo** contactando con todos e cada un dos individuos que constituían a poboación, polo que non se realizou unha mostraxe aleatoria.

O **erro de mostraxe** global acadado para os titulados en másteres no SUG sitúase no +/-1,23%, cun nivel de confianza do 95%, e oscila entre o +/-1,99 e o +/-4,39 por rama de coñecemento.

A **recollida de información** realizouse mediante enquisa telefónica asistida por ordenador (CATI).

3. Resultados

3.1. Motivacións para realizar o Máster

O motivo máis destacado para realizar estudos de máster é **complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo, ampliar as saídas laborais e acadar un maior desenvolvemento profesional** (57,6%). Á súa vez, complementar a formación académica previa para realizar o doutoramento e dedicarse á investigación sitúase como segundo motivo en importancia, cun 30,1%, seguido dun 17,0% de titulados que afirmaron que o máster **era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego ou perspectiva laboral** (profesores de secundaria, avogados, etc.).

Motivación	% titulados en másteres 2010-2011 no SUG
Complementar a formación académica (investigación)	30,1%
Complementar a formación académica (traballo)	57,6%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	5,4%
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	17,0%
Outros	5,4%

Táboa 3.1. Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG.

O motivo de **complementar a formación académica de cara ao mercado laboral** é maioritario nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (68,0%), Ciencias da Saúde (61,4%) e Ciencias Sociais e Xurídicas (56,0%). Pola súa parte, en Artes e Humanidades (53,8%) e en Ciencias (51,6%) son máis os que sinalan o motivo de **complementar a formación de cara á investigación**. Os titulados que afirmaron cursar o máster porque **era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego** contan cun peso particularmente destacado na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (30,9%), debido a presenza nesa rama do Máster universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

Motivación	Artes e Humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Enxeñaría e Arquitectura	SUG
Complementar a formación académica (investigación)	53,8%	51,6%	42,2%	17,0%	30,5%	30,1%
Complementar a formación académica (traballo)	46,2%	44,4%	61,4%	56,0%	68,0%	57,6%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	4,9%	3,3%	3,6%	6,1%	5,8%	5,4%
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	7,0%	3,9%	6,0%	30,9%	6,9%	17,0%
Outros	7,7%	7,2%	5,4%	5,1%	4,6%	5,4%

Táboa 3.2. Motivos para realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.2. Situación laboral anterior á realización do Máster

Analízase a situación laboral previa á realización do Máster dos titulados en másteres no SUG.

3.2.1. Actividade laboral previa á realización do Máster

Actividade laboral previa á realización do máster: un 68,3% dos titulados en másteres no SUG xa **traballaban con anterioridade á realización do máster**, porcentaxe que se sitúa no 78,0% e no 74,1% nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura e de Ciencias da Saúde e que diminúe ata o 46,4% no caso de Ciencias. O restante 31,7% de titulados en másteres no SUG que non traballaban divídese nun 8,5% que **buscaron emprego pero non o atoparon** e nun 23,2% que **nin sequera o buscaron**.

Rama de coñecemento	Nin traballou nin buscou emprego	Buscou emprego e non o atopou	Traballou	Non traballaba ao comezar o máster	Deixou o traballo para facer o máster	Simultaneou traballo e máster
Artes e Humanidades	28,7%	7,0%	64,3%	37,0%	2,2%	60,9%
Ciencias	39,2%	14,4%	46,4%	33,8%	7,0%	59,2%
Ciencias da Saúde	19,9%	6,0%	74,1%	27,6%	2,4%	69,9%
Ciencias Sociais e Xurídicas	23,6%	9,1%	67,3%	38,8%	7,1%	54,1%
Enxeñaría e Arquitectura	15,5%	6,8%	78,0%	27,5%	2,3%	70,3%
SUG	23,2%	8,5%	68,3%	33,7%	4,7%	61,6%

Táboa 3.3. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comezar este. Resultados para o total do SUG.

Situación laboral no momento de comezar o máster dos titulados no SUG que traballaran antes de realizalo: a maioría, o 61,6%, **simultanearon o traballo co máster**, e son as ramas de Enxeñaría e Arquitectura (70,3%) e de Ciencias da Saúde (69,9%) as que presentan unhas porcentaxes máis altas. Tan só un 4,7% dos titulados **deixaron o seu emprego para cursar o máster**, porcentaxe que é maior en Ciencias Sociais e Xurídicas (7,1%) e en Ciencias (7,0%). Por outra banda, o 33,7% dos titulados que traballaran antes do máster non tiñan emprego no momento de comezar a cursalo.

3.3. Traxectoria laboral posterior á realización do Máster

Analízase a relación co mercado laboral dos titulados en másteres no SUG desde o momento no que remataron o máster ata a realización da enquisa.

3.3.1. Actividade laboral posterior ao Máster

Un 91,9% dos titulados de máster **traballaron nalgún momento desde que remataron o máster**, porcentaxe que se divide nun 73,5% que **traballa actualmente** e un 18,4% que **non traballa pero si o fixo desde que acabou o máster**. Tan só un 8,1% dos titulados **non traballaron en ningún momento desde que remataron o máster**.




Figura 3.1. Situación laboral desde a finalización do máster. Resultados por rama de coñecemento

Por ramas de coñecemento, os mellores resultados no tocante ao acceso ao emprego despois do máster preséntanos as ramas de Ciencias da Saúde e de Enxeñaría e Arquitectura. Na primeira, un 94,0% dos titulados traballou nalgún momento desde a finalización do máster, e ata un 77,2% traballa na actualidade. En canto á rama de Enxeñaría e Arquitectura, estas porcentaxes son do 93,6% para os que traballaron logo de remataren o máster, e do 81,0% para os que contan cun emprego actualmente. Pola contra, as ramas de Ciencias e de Artes e Humanidades amosan os peores datos, cun 12,5% e un 11,9% respectivamente de titulados que nunca traballaron despois do máster.

3.3.2. Tempo medio en atopar emprego

O **tempo medio** para que un titulado do SUG atope o seu primeiro traballo despois de rematar o máster é de 8,29 meses. Os titulados que acceden máis axiña ao mercado laboral tras o máster son os de Enxeñaría e Arquitectura (6,31 meses) e Ciencias da Saúde (6,36 meses). Nun caso diferente atópanse os titulados en másteres de Ciencias (10,27 meses) e Artes e Humanidades (10,21 meses).

Rama de coñecemento	Tempo medio (en meses)
Artes e Humanidades	10,21
Ciencias	10,27
Ciencias da Saúde	6,36
Ciencias Sociais e Xurídicas	8,60
Enxeñaría e Arquitectura	6,31
SUG	8,29

Táboa 3.4. Número medio de meses transcorridos desde a finalización do máster ata atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.4. Situación laboral actual (no momento de realizar a enquisa)

Neste apartado analízase a situación na que se atopaban os titulados en másteres do SUG no curso 2010-2011 no momento de realización da enquisa.

3.4.1. Actividade laboral actual

Un 73,5% dos titulados en másteres no SUG **traballaba no momento da realización da enquisa**, mentres que un 19,7% non traballaba pero estaba á procura de emprego e un 6,8% dos titulados **nin traballaba nin buscaba emprego**. As ramas de coñecemento que presentan as porcentaxes máis altas de titulados en másteres que traballaban son Enxeñaría e Arquitectura (81,0%) e Ciencias da Saúde (77,1%), fronte a ramas de Artes e Humanidades (66,4%) e Ciencias (67,4%) que presentan as porcentaxes máis baixas.

Analizando a situación dos titulados que non traballan e tampouco buscan emprego, destacan as porcentaxes de titulados que **realizan outros estudos** (4,2%), principalmente de doutoramento e de grao, **están a preparar oposicións** (0,2%) e argumentan **outro tipo de motivos** (2,5%).

Rama de coñecemento	Traballa na actualidade	Non traballa, pero busca emprego	Nin traballa, nin busca emprego
Artes e Humanidades	66,4%	20,3%	13,3%
Ciencias	67,4%	21,0%	11,9%
Ciencias da Saúde	77,1%	17,5%	5,4%
Ciencias Sociais e Xurídicas	71,0%	21,8%	7,2%
Enxeñaría e Arquitectura	81,0%	16,2%	2,9%
SUG	73,5%	19,7%	6,8%

Táboa 3.5. Situación actual (no momento de realizar a enquisa). Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.4.2. Lugar de traballo

A gran maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa en Galicia** 88,1% no momento da realización da enquisa. Fóra da comunidade galega o 10,1% dos titulados atópase traballando **no resto de España**, e o 1,7% **fóra de España**, dos que a maior parte proceden de países pertencentes á Unión Europea.

En canto análise por ramas de coñecemento, a maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa en Galicia** no momento da realización da enquisa. Con respecto aos titulados que traballan fóra de Galicia, pero no resto de España, destacan as ramas de Artes e Humanidades, con un 13,7% e a de Ciencias da Saúde, con un 12,5%.

Rama de coñecemento	Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
Artes e Humanidades	84,2%	13,7%	1,1%	1,1%
Ciencias	90,3%	8,7%	1,0%	0,0%
Ciencias da Saúde	85,2%	12,5%	2,3%	0,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	88,8%	9,7%	0,8%	0,6%
Enxeñaría e Arquitectura	88,7%	9,1%	1,9%	0,3%
SUG	88,1%	10,1%	1,3%	0,4%

Táboa 3.6. Lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.4.3. Relación do posto de traballo co Máster

Un 44,1% dos titulados en másteres do SUG afirman que **o seu traballo está bastante ou moi relacionado co máster que cursou**. Por ramas de coñecemento, os maiores niveis de vinculación entre o traballo e o máster danse nas ramas de Ciencias e de Enxeñaría e Arquitectura, onde case a metade dos titulados catalogan a relación como bastante ou moita. Pola contra, en Ciencias da Saúde esta porcentaxe redúcese ao 33,6%, concentrando unha maior proporción de enquisados, o 45,3%, que manifestan un nivel de relación nulo ou baixo entre o traballo desenvolvido e o máster, seguida de Ciencias Sociais e Xurídicas preto dun 32,0%.




Figura 3.2. Grao de relación entre o posto de traballo e o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.5. Valoración final

Os titulados en másteres no SUG están satisfeitos cos estudos universitarios cursados. Case tres cuartas partes dos titulados en másteres **volverían a realizar o máster**. Por ramas de coñecemento, destacan as de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Enxeñaría e Arquitectura, nas cales un 76,6% e un 74,6% dos seus titulados, respectivamente, volverían realizar o máster, porcentaxes que en Ciencias da Saúde e Artes e Humanidades son do 71,7% e o 69,2%, respectivamente, e que no caso de Ciencias se reduce ao 60,8%.

Rama de coñecemento	Volvería a realizar o máster
Artes e Humanidades	69,2%
Ciencias	60,8%
Ciencias da Saúde	71,7%
Ciencias Sociais e Xurídicas	76,6%
Enxeñaría e Arquitectura	74,6%
SUG	73,3%

Táboa 3.7. Volvería a realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

ANEXOS

Anexo I. Grupo de traballo

Jose Carlos de Miguel Domínguez (Director do Grupo)
David Rodríguez González (Coordinador do grupo de traballo externo)
Beatriz Valcárcel Aguiar
Alejandro Vecino Aguirre
*Departamento de Economía Cuantitativa
Universidade de Santiago de Compostela*

Luís Pedro Pedreira Andrade
*Departamento de Economía Aplicada II
Universidade da Coruña*

Manuel Guisado González
*Departamento de Organización de Empresas e Marketing
Universidade de Vigo*

M.ª Patrocinio Morrondo Pelayo
*Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia*

José Eduardo López Pereira
*Director da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia*

M.ª Carmen Fernández Montes
*Técnico de programas da ACSUG
Coordinadora dos estudos de inserción laboral da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia*

Anexo II. Cuestionario**DATOS PERSOAIS:**

P1. Sexo: Home Muller

P2. Ano de nacemento: _____

P3. Nacionalidade: _____

(En caso de nacionalidade española) Provincia de residencia: _____

P4. Indique o nivel de estudos máis alto completado pola súa nai:

- Sen estudos
- Estudos primarios
- Bacharelato/Formación profesional
- Universitarios medios
- Universitarios superiores
- Máster
- Doutoramento
- Outras respostas (especificar) _____

P5. Indique o nivel de estudos máis alto completado polo seu pai:

- Sen estudos
- Estudos primarios
- Bacharelato/Formación profesional
- Universitarios medios
- Universitarios superiores
- Máster
- Doutoramento
- Outras respostas (especificar) _____

DATOS ACADÉMICOS:

P6. Título: Máster universitario en _____

P7. Especialidade do título: _____

P8. Título interuniversitario:

- Si
- Non (**FILTRO: PASAR A P10**)

P9. Universidade coordinadora: _____

Universidade/s participante/s: _____

P10. ECTS do título: 60 ECTS 90 ECTS 100 ECTS 120 ECTS

P11. Orientación do título:

- Académica
- Investigadora
- Profesionalizante

P12. Entre as posibles orientacións do título, cal elixiu vostede?

- Académica
- Investigadora
- Profesionalizante

P13. Anos empregados na realización do título:

anos _____ meses _____

P14. Matriculouse a tempo parcial ou a tempo completo?

- A tempo parcial

A tempo completo

P15. Ano de depósito do título: _____

P16. Indique a titulación ou titulacións que cursou e o ano de finalización:

Titulación 1: _____ **Ano de finalización:** _____

Titulación 2: _____ **Ano de finalización:** _____

Titulación 3: _____ **Ano de finalización:** _____

Titulación 4: _____ **Ano de finalización:** _____

(SE EN P16 CONTESTOU SÓ UNHA TITULACIÓN, PASAR A P18)

(SE EN P16 CONTESTOU MÁIS DUNHA TITULACIÓN, PASAR A P17)

P17. No caso de que cursara máis dunha titulación, indique a titulación máis relacionada cos contidos do máster:

P18. Indique onde cursou a devandita titulación:

- Na mesma universidade ca o máster
- Noutra universidade do SUG
- Noutra universidade española que non pertence ao SUG
- Nunha universidade de fóra de España

ASPECTOS XERAIS DO MÁSTER:

P19. Cales foron os motivos que o levaron a matricularse no máster?

- Complementar a formación académica previa para poder realizar o doutoramento e dedicarse á investigación
- Complementar a formación académica para unha maior especialización no mercado de traballo (ampliar as saídas profesionais, desenvolvemento profesional, ter máis oportunidades, etc.)
- Detectei necesidades formativas na miña experiencia laboral anterior
- Era necesario ou obrigatorio para o meu futuro emprego/perspectiva laboral (profesores de secundaria, avogados, etc.)
- Outros (especificar): _____

Valore os seguintes aspectos do máster puntuando de 1 (moi malo) a 5 (moi bo):

		1	2	3	4	5
P20	Planificación das ensinanzas (estrutura do máster, horarios, distribución da carga de traballo, etc.)					
P21	Competencias (coñecementos, destrezas e habilidades)					
P22	Metodoloxías de ensino-aprendizaxe					
P23	Sistemas de avaliación					
P24	Profesorado					
P25	Recursos materiais					
P26	Coordinación					
P27	Traballo Fin de Máster (contidos e desenvolvemento do Traballo Fin de Máster)					
P28	Competencias específicas adquiridas (coñecementos, destrezas e habilidades)					
P29	En caso de valoración negativa (1-2), pode detallar algunha das competencias específicas insuficientemente adquiridas? (ata 3) - - -					
P30	Competencias transversais adquiridas					
P31	En caso de valoración negativa (1-2), pode detallar algunha das competencias transversais insuficientemente adquiridas? (ata 3) - - -					

Escala de valoración: 1 (Moi malo) ata 5 (Moi bo)

P32. Realizou durante o máster Prácticas Externas?

- Si
- Non **(FILTRO: PASAR A P36)**

P33. As Prácticas Externas eran?:

- Obrigatorias
 Optativas

		1	2	3	4	5
P34.	Valore de 1 a 5 o desenvolvemento desas Prácticas Externas					
P35.	Valore de 1 a 5 como contribuíron as Prácticas Externas na adquisición das competencias específicas do título					

Escala de valoración: 1 (Moi malo) ata 5 (Moi bo)

P36. Cales son, ao seu entender, as principais carencias do máster? _____

		1	2	3	4	5
P37	Independentemente da súa experiencia posterior no mercado de traballo, considera que o máster lle ofreceu formación adicional con respecto á que adquirira durante os seus estudos universitarios previos? Valore de 1 (ningunha) a 5 (moita)					

Escala de valoración: 1 (Ningunha) ata 5 (Moita)

EXPERIENCIA LABORAL PREVIA AO MÁSTER

P38. Traballou algunha vez desde que acabou a súa titulación ou titulacións previas pero antes de comezar o máster? (non teña en conta a realización de prácticas incluídas na/s titulación/s)

- Si **(FILTRO: PASAR A P40)**
 Non

P39. Buscou emprego activamente?

- Si **(FILTRO: PASAR A P48)**
 Non **(FILTRO: PASAR A P48)**

P40. Estaba traballando no momento de comezar o máster?

- Si, e deixei o traballo para facer o máster
 Si, e compaxinei o traballo co máster
 Non estaba traballando

		1	2	3	4	5
P41	En que medida ese traballo estaba relacionado co contido do máster? Valore de 1 (ningunha) a 5 (moita)					

Escala de valoración: 1 (Ningunha) ata 5 (Moita)

P42. Traballou por conta propia ou allea?

- Conta propia
 Conta allea **(FILTRO: PASAR A P44)**

P43. Estaba dado de alta na Seguridade Social?

- Si **(FILTRO: PASAR A P46)**
 Non **(FILTRO: PASAR A P46)**

P44. Fixéronlle contrato?

- Si
 Non **(FILTRO: PASAR A P46)**

P45. Que tipo de contrato tivo?

- Fixo¹
 Temporal²

¹ Contrato indefinido, Contrato indefinido de fixos-descontínuos, Contratación de discapacitados, Contrato para o fomento da contratación indefinida.

² Contrato para a formación, Contrato temporal para traballadores desempregados en situación de exclusión social, Contrato de obra ou servizo determinado, Contrato eventual por circunstancias da produción, Contrato de interinidade, Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación, Contrato de inserción

- Bolseiro³
- Contrato en prácticas
- Outros⁴ _____

P46. Cal era a súa xornada de traballo?

- Xornada completa
- Tempo parcial

P47. Indique o rango en que se atopaba o seu salario mensual neto:

- 600 € ou menos
- Entre 601 € e 1000 €
- Entre 1001 € e 1400 €
- Entre 1401 € e 1800 €
- Entre 1801 € e 2200 €
- Entre 2201 € e 2600 €
- Máis de 2600 €
- Non sabe/Non contesta

EXPERIENCIA LABORAL POSTERIOR AO MÁSTER**P48. Traballou algunha vez desde a finalización do máster?**

- Si
- Non, pero está a buscar emprego (**FILTRO: RESPONDE A P52-P64 E P106-P108**)
- Non, e non está a buscar emprego, pero buscou desde a finalización do máster (**FILTRO: RESPONDE A P51, P53-P64 E P106-P108**)
- Non, e non buscou emprego desde a finalización do máster (**FILTRO: RESPONDE A P51 E P106-P108**)

P49. Cantos meses transcorreron desde que finalizou o máster ata que atopou o seu primeiro emprego? ____meses

- 0 meses, xa estaba a traballar antes de finalizar o máster
- 0 meses, comecei nun novo traballo cando finalice o máster

P50. Ten vostede emprego actualmente?

- Si (**FILTRO: PASAR A P53**)
- Non, pero estou a buscar emprego de maneira activa (**FILTRO: PASAR A P52-P83 E P98-P108**)
- Non, e non estou a buscar emprego de maneira activa (**FILTRO: PASAR A P51, P53-P83 E P98-P108**)

P51. Cal é o motivo polo que non busca emprego?

- Estou a preparar oposicións
- Estou a realizar outros estudos (especificar o tipo de estudos): _____
- Estou a coidar de familiares
- Outros casos (xubilación, invalidez, etc.) (especificar): _____

P52. Cantos meses leva desempleado?: ____meses ____días**Utilizou as seguintes vías de busca para conseguir un emprego:**

		SI	NON
P53	A través dunha axencia pública de emprego		
P54	A través dunha axencia privada de emprego		
P55	A través de portais de busca de emprego na web		
P56	Respondín a anuncios de traballo		
P57	Candidatura espontánea		
P58	Presentación a bolsas de investigación		
P59	Presentación a outras bolsas de traballo		
P60	Presentación a oposición/concurso público		

³ Bolsas de formación tipo FPI, FPU, Ramón y Cajal, Parga Pondal, Ángeles Alvariño, María Barbeito, Marie Curie, outras de diferentes fundacións, etc.

⁴ Contrato de relevo, Contrato de traballo a domicilio, etc.

P61	A través da empresa das prácticas do máster ou de contactos establecidos nela		
P62	A través doutros contactos persoais		
P63	Autoemprego		
P64	Outros (A través de prácticas doutras titulacións, a través de contactos na universidade, etc.)(especificar)		

P65. Indique, de entre as anteriores vías de busca de emprego, cal considera que lle serviu para atopar un emprego: (Indique como máximo 3)

CONTRATACIÓN

En que grao considera importantes, segundo a súa experiencia, os seguintes factores para a obtención dun traballo? Valore de 1 (nada importante) a 5 (moi importante):

		1	2	3	4	5
P66	O título de grao/licenciado/diplomado					
P67	O título do máster					
P68	O expediente académico					

Escala de valoración: 1 (Nada importante) ata 5 (Moi importante)

		NA	1	2	3	4	5
P69	A especialidade do máster						

Escala de valoración: 1 (Nada importante) ata 5 (Moi importante)

		1	2	3	4	5
P70	A reputación do centro onde realizou o máster					
P71	A experiencia laboral relacionada					
P72	Probas de selección (entrevista persoal, test de selección, probas de grupo...)					
P73	A dispoñibilidade xeográfica					

Escala de valoración: 1 (Nada importante) ata 5 (Moi importante)

En que grao considera importantes, segundo a súa experiencia, as seguintes competencias para a obtención dun traballo? Valore de 1 (nada importante) a 5 (moi importante):

		1	2	3	4	5
P74	Capacidade de traballo en equipo					
P75	Capacidade para resolver problemas					
P76	Capacidade de asumir responsabilidades					
P77	Capacidade de comunicación oral/escrita					
P78	Adaptabilidade (Polivalencia)					
P79	Capacidade de planificación, coordinación e organización					
P80	Iniciativa					
P81	Creatividade					
P82	Coñecemento de idiomas					
P83	Coñecementos de informática					

Escala de valoración: 1 (Nada importante) ata 5 (Moi importante)

SITUACIÓN LABORAL ACTUAL

P84. Cantos meses leva traballando no seu emprego actual?:

_____ meses _____ días

		1	2	3	4	5
P85	En que grao considera que o seu traballo actual está relacionado coa formación recibida no máster? Valore de 1 (nada relacionado) a 5 (moi relacionado):					

Escala de valoración: 1 (Nada relacionado) ata 5 (Moi relacionado)

P86. Considera necesaria unha formación universitaria para realizar o seu traballo actual?

- Si
- Non

P87. Onde está a desenvolver a súa actividade laboral actual?

- A Coruña **(FILTRO: PASAR A P89)**
- Pontevedra **(FILTRO: PASAR A P89)**
- Lugo **(FILTRO: PASAR A P89)**
- Ourense **(FILTRO: PASAR A P89)**
- Resto de España
- Resto da Unión Europea
- Resto do mundo

P88. No caso de non traballar en Galicia, indique o motivo:

- Non atopar traballo
- Mellor oferta no exterior
- Razóns persoais
- Só veu a Galicia para realizar os estudos de máster
- Outros (especificar): _____

P89. Traballa por conta propia ou allea?

- Conta propia
- Conta allea **(FILTRO: PASAR A P91)**

P90. Está dado de alta na Seguridade Social?

- Si **(FILTRO: PASAR A P94)**
- Non **(FILTRO: PASAR A P94)**

P91. Ten contrato laboral?

- Si
- Non **(FILTRO: PASAR A P93)**

P92. Que tipo de relación laboral ten actualmente?

- Fixo⁵
- Temporal⁶
- Bolseiro⁷
- Contrato en prácticas
- Outros⁸ _____

P93. En que tipo de organización traballa actualmente?

- Administración pública/Empresa pública
- Empresa privada. De 2 a 10 traballadores en toda a organización
- Empresa privada. De 10 a 50 traballadores en toda a organización
- Empresa privada. De máis de 50 traballadores en toda a organización

P94. Cal é a súa xornada de traballo no seu emprego actual?

- Xornada completa
- Tempo parcial

P95. Indique o rango no que se atopa o seu salario mensual neto no seu emprego actual:

- 600 € ou menos
- Entre 601 € e 1000 €
- Entre 1001 € e 1400 €
- Entre 1401 € e 1800 €
- Entre 1801 € e 2200 €

⁵ Fixo: Contrato indefinido, Contrato indefinido de fixos-descontinuos, Contratación de discapacitados, Contrato para o fomento da contratación indefinida

⁶ Temporal: Contrato para a formación, Contrato temporal para traballadores desempregados en situación de exclusión social, Contrato de obra ou servizo determinado, Contrato eventual por circunstancias da produción, Contrato de interinidade, Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación, Contrato de inserción

⁷ Bolseiro: Bolsas de formación tipo FPI, FPU, Ramón y Cajal, Parga Pondal, Ángeles Alvariño, María Barbeito, Marie Curie, outras de diferentes fundacións, etc.

⁸ Outros: Contrato de relevo, Contrato de traballo a domicilio, etc.

- Entre 2201 € e 2600 €
- Máis de 2600 €
- Non sabe/Non contesta

P96. Indique o número de traballos que tivo desde a finalización do máster: ____
(FILTRO: se responde máis de 1, PASAR A P99)

P97. Indique o número de contratos que tivo desde a finalización do máster: ____
(FILTRO: PASAR A P103)

TRAXECTORIA LABORAL DESDE O REMATE DO MÁSTER

P98. Indique o número de traballos que tivo desde a finalización do máster: ____

P99. Indique o número de contratos que tivo desde a finalización do máster: ____

P100. Cantos meses estivo traballando desde que finalizou o máster?

meses _____ días _____

P101. Cal foi aproximadamente o seu salario medio mensual neto nese período?

- 600 € ou menos
- Entre 601 € e 1000 €
- Entre 1001 € e 1400 €
- Entre 1401 € e 1800 €
- Entre 1801 € e 2200 €
- Entre 2201 € e 2600 €
- Máis de 2600 €
- Non sabe/Non contesta

P102. Cantos meses traballou nun emprego relacionado co máster desde que o finalizou?

meses _____ días _____

VALORACIÓN GLOBAL DO MÁSTER

Valore de 1 (moi en desacordo) a 5 (moi de acordo) os seguintes aspectos en relación ao(s) traballo(s) que desenvolveu con posterioridade ao máster

		1	2	3	4	5
P103	O máster está ben considerado no ámbito laboral					
P104	A formación proporcionada polo máster contribúe ou contribuíu á realización das súas actividades laborais					
P105	O máster contribúe ao incremento das posibilidades reais de promoción dentro do seu ámbito laboral ou ben pode contribuír á súa posible reincorporación ao mercado laboral					

Escala de valoración: 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)

		1	2	3	4	5
P106	Diría vostede que o máster que realizou lle resultou útil tendo en conta a súa posterior traxectoria laboral? Valore de 1 (nada útil) a 5 (moi útil):					

Escala de valoración: 1 (Nada útil) ata 5 (Moi útil)

P107. Volvendo atrás, volvería facer vostede o máster?

- Si
- Non

P108. Considera que sería necesaria máis información dentro da propia universidade sobre a busca de emprego?

- Si
- Non

ANEXO III. Distribución dos másteres por rama de coñecemento e universidade

As táboas que seguen conteñen a lista de másteres que se impartiron no curso 2010/2011 nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, distribuídos por rama de coñecemento. Os títulos que aparecen en letra negra son másteres interuniversitarios e ademais aparecen sinalados con (*) aqueles nos que participa algunha universidade de fóra do SUG.

ARTES E HUMANIDADES			
Máster universitario en...	UDC	USC	UVIGO
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade			
Arte Contemporánea. Creación e Investigación			
Artes Escénicas			
Ciencias Documentais no Contorno Dixital			
Edición			
Estudo e Edición de Textos Literarios Españóis e Latinoamericanos ⁹			
Estudios Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas			
Estudios Ingleses: Tendencias Actuais e Aplicacións			
Estudios Lingüísticos			
Estudios Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos			
Estudios Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura			
Filosofía: Cuestións Actuais			
Historia Contemporánea			
Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais			
Intervención Logopédica na Infancia e na Adolescencia			
Lecturas sobre a Cidade Histórica. Arte, Patrimonio Cultural e a súa Xestión			
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual			
Lingua e Usos Profesionais			
Lingüística e as súas Aplicacións			
Lingüística Galega			
Lóxica e Filosofía da Ciencia (*)			
Servizos Culturais			
Tradución e Paratradución			
Tradución Multimedia			
CIENCIAS			
Máster universitario en...	UDC	USC	UVIGO
Acuicultura			
Biodiversidade e Conservación do Medio Natural			
Biodiversidade e Ecosistemas			
Bioloxía Molecular, Celular e Xenética			
Bioteconoloxía			
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria			
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental			
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases (*)			
Ciencia e Tecnoloxía de Materiais			
Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático			
Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais			
Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética			
Física Aplicada¹⁰			
Física Nuclear e de Partículas e as súas Aplicacións Tecnolóxicas e Médicas			
Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias			
Matemáticas			
Medio Ambiente e Recursos Naturais			
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida			

⁹ No Máster universitario en Estudo e Edición de Textos Literarios Españóis e Latinoamericanos non se deu acadado mostra.

¹⁰ No Máster universitario en Física Aplicada, no curso académico 2010-2011, non existía poboación na Universidade da Coruña.

Neurociencia ¹¹			
Oceanografía			
Química Ambiental e Fundamental			
Química Avanzada ¹²			
Química Teórica e Modelización Computacional ¹³ (*)			
Técnicas Estatísticas ¹⁴			
CIENCIAS DA SAÚDE			
Máster universitario en...	UDC	USC	UVIGO
Asistencia e Investigación Sanitaria			
Atención Sanitaria, Xestión e Coidados			
Ciencias Odontolóxicas			
Intervención na Discapacidade e na Dependencia			
Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias			
Investigación Biomédica			
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos			
Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria			
Nutrición			
Prevenção de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental			
Saúde Pública			
Xerontoloxía			
Xestión e Investigación da Discapacidade e a Dependencia			
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS			
Máster universitario en...	UDC	USC	UVIGO
Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente			
Asesoramento Xurídico Empresarial			
Banca e Finanzas			
Comercio Internacional			
Comunicación e Industrias Creativas			
Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais			
Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Dereito das Administracións e Institucións Públicas			
Dereito Privado			
Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente			
Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea			
Desenvolvemento Económico e Innovación			
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica			
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos			
Dirección de Arte en Publicidade			
Dirección de Empresas			
Dirección e Planificación do Turismo			
Economía			
Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e dos Recursos Pesqueiros			
Economía: Organización Industrial e Mercados Financeiros			
Educación, Xénero e Igualdade			
Estudos de Xénero			
Estudos Internacionais			
Finanzas			
Fiscalidade Internacional e Comunitaria			
Industria e Economía Leiteira (*)			
Información Técnica do Medicamento			
Innovación Industrial e Optimización de Procesos			
Innovación, Orientación e Avaliación Educativa			

¹¹ No Máster universitario en Neurociencia, no curso académico 2010-2011, non existía poboación na Universidade da Coruña nin na Universidade de Vigo.

¹² No Máster universitario en Química Avanzada, no curso académico 2010-2011, non existía poboación na Universidade de Santiago de Compostela.

¹³ No Máster universitario en Química Teórica e Modelización Computacional, no curso académico 2010-2011, non existía poboación na Universidade de Santiago de Compostela.

¹⁴ No Máster universitario en Técnicas Estatísticas, no curso académico 2010-2011, non existía poboación na Universidade de Vigo.

Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde			
Investigación en Comunicación			
Investigación en Contabilidade e Finanzas			
Investigación en Didáctica das Ciencias Experimentais e da Matemática			
Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario			
Investigación en Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía			
Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares			
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social			
Necesidades Específicas de Apoio Educativo			
Ordenación Xurídica do Mercado			
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial (*)			
Procesos de Formación			
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas ¹⁵			
Psicoloxía Aplicada			
Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social			
Xestión do Desenvolvemento Sostible			
Xestión e Dirección Laboral¹⁶			
Xestión e Políticas Públicas			
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA			
Máster universitario en...	UDC	USC	UVIGO
Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións (SIGMA)			
Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega			
Computación			
Computación de Altas Prestacións			
Consultoría de Software Libre			
Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control			
Dirección de Proxectos			
Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración			
Dirección Integrada de Proxectos			
Energía e Sustentabilidade			
Enxeñaría Ambiental			
Enxeñaría da Auga			
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais			
Enxeñaría de Procesos Químicos e Ambientais			
Enxeñaría de Sistemas Informáticos			
Enxeñaría de Soldadura			
Enxeñaría Marítima			
Enxeñaría Matemática			
Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural			
Enxeñaría Química			
Enxeñaría Telemática			
Enxeñaría Térmica (*)			
Fotónica e Tecnoloxías do Láser			
Investigación Agraria e Forestal			
Investigación en Tecnoloxías da Información			
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria			
Prevención de Riscos Laborais			
Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética			

¹⁵ O Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas ofértase nas tres universidades do SUG, pero non é un título interuniversitario. Ademais, na súa denominación en galego na Universidade de Santiago de Compostela figura como Máster universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas. A denominación do título en castelán é Máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria y Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanzas de Idiomas nas tres universidades do SUG.

¹⁶ No Máster universitario en Xestión e Dirección Laboral, no curso académico 2010-2011, non existía poboación na Universidade de Vigo.

Rehabilitación Arquitectónica			
Renovación Urbana e Rehabilitación			
Sistemas Software Intelixentes e Adaptables			
Tecnoloxía Medioambiental			
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica			
Tecnoloxías da Información e Comunicaci3n en Redes M3viles (*)			
Tecnoloxías e Procesos na Industria do Autom3bil			
Tecnoloxías para a Protecci3n do Patrimonio Cultural Inmoble			
Teoría do Sinal e Comunicaci3n			
Urbanismo: Plans e Proxectos. Do Territorio á Cidade			
Xestión Sustentable da Terra e do Territorio			

(*) Título interuniversitario con universidades participantes de fóra do SUG.

ANEXO IV. Estudos de inserción laboral da ACSUG

Titulados en Másteres

De Miguel, J.C., Rodríguez, D., Valcárcel, B., Vecino, A., Pedreira, L.P., Guisado, M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2015). Estudo da inserción laboral dos titulados en **Másteres** no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Titulados de 1º e 2º ciclo/graduados

Faraldo, P., Crujeiras, M.J., Iglesias, C.L., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Navarrete A., Martínez A., Muñoz E., Ríos M.P., Belmonte I., Velón L.C. (2004). Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Iglesias, C.L., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Muñoz, E., Casal, J.L., Velón, L.C., López, A.I., Navarrete, A. (2006). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Carreira V., Abalde, J.E., Fernández, M.C. (2008). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Carreira V., Abalde, J.E., Fernández, M.C. (2009). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2010). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Martínez, A., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C., Sierra M.D., Mallo, M., Baña, J.M. (2011). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C., Velón, L. (2013). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2008-2009. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2014). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2009-2010. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2015). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Índice de táboas e figuras

Índice de táboas

<i>Táboa 2.1. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2010-2011. Tamaño de poboación e mostra por universidade e para o total do SUG.....</i>	<i>6</i>
<i>Táboa 2.2. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2010-2011. Tamaño de poboación e mostra por rama de coñecemento e para o total do SUG.....</i>	<i>6</i>
<i>Táboa 3.1. Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG.....</i>	<i>7</i>
<i>Táboa 3.2. Motivos para realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.....</i>	<i>7</i>
<i>Táboa 3.3. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenar este. Resultados para o total do SUG.....</i>	<i>8</i>
<i>Táboa 3.4. Número medio de meses transcorridos desde a finalización do máster ata atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.....</i>	<i>9</i>
<i>Táboa 3.5. Situación actual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.....</i>	<i>10</i>
<i>Táboa 3.6. Lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.....</i>	<i>10</i>
<i>Táboa 3.7. Volvería a realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.....</i>	<i>11</i>

Índice de figuras

<i>Figura 3.1. Situación laboral desde a finalización do máster. Resultados por rama de coñecemento.....</i>	<i>9</i>
<i>Figura 3.2. Grao de relación entre o posto de traballo e o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.....</i>	<i>11</i>